

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A COEDICIÓN DA PUBLICACIÓN "GUÍA LEGAL PARA AUTORES E ARTISTAS DE GALICIA"

COMPARECEN

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **Antonio López Díaz**, na súa calidade de reitor da **Universidade de Santiago de Compostela** (en adiante USC), con CIF Q-1518001A, con sede na Praza do Obradoiro, 15705, Santiago de Compostela (A Coruña), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na documentación achegada.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A **Agadic**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Pola súa banda, a **USC** é unha institución pública que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, e que ten entre as súas funcións a difusión, valorización e transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social e o apoio científico, técnico, artístico e humanístico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega.

SEGUNDO. A Agadic e a USC consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2020 que reforcen a acción cultural que se desenvolve en Galicia a prol do desenvolvemento, coñecemento e protección da cultura galega promovendo traballos e estudos de investigación sobre diferentes ámbitos culturais.



TERCEIRO. A *Guía legal para autores e artistas de Galicia* nace con vocación de poñer en coñecemento as principais cuestións xurídicas en materia de propiedade intelectual dos principais eidos artísticos e culturais. Será a primeira guía elaborada pola Universidade e a Xunta de Galicia co ánimo de ofrecer coñecemento xurídico da aplicación da lei de propiedade intelectual no ámbito da industria cultural a un sector que normalmente asume a parte débil en calquera negocio xurídico dentro das industrias culturais. Existen antecedentes sectoriais, de iniciativa privada ou promovidos por entidades de xestión, pero non existe ningún documento en España que aborde desta forma o conxunto das obras artísticas. Unha obra que, sen menoscar a laboriosidade que implica o estudo do dereito, emprega unha metodoloxía accesible para o lector non xurista e que se ve apoiada, así mesmo, por achegas de expertos nos distintos campos da propiedade intelectual relacionados coas industrias culturais.

CUARTO. Que a Agadic, asumindo a protección intelectual como un pilar fundamental para fomentar o desenvolvemento económico, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa USC que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto e que contribúan, ademais, a potenciar os programas de investigación e desenvolvemento cultural, estreitando a coordinación entre as administracións públicas con competencias na materia para aproveitar as sinerxías, incrementar a posibilidade de financiamento e acadar unha maior calidade e eficiencia na acción cultural.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura deste convenio de colaboración, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é a coedición da publicación *Guía legal para autores e artistas de Galicia*, escrita polo avogado especialista en dereitos de autor, Ramón Rey García, que implica o proceso de edición, distribución e venda da obra, en edición impresa e en liña. O autor garante a orixinalidade da obra e que sobre ela non existen gravames nin dereitos de terceiros que poidan impedir esta coedición. A edición impresa terá un formato de 15 x 21 cm; aprox. 120 páxs.; impresión interior 4/4 t; papel Novatech mate 100 g; cuberta en cartolina gráfica 280 g, impresa 4/0 t; encadernación rústica, cosida con fío. A tiraxe será de 500 exemplares, dos cales 250 corresponden á Agadic e 250 á USC cunha tiraxe de 500 exemplares, dos cales 250 lle corresponden á Agadic e 250 á USC.

SEGUNDA. DURACIÓN DO PROXECTO E VIXENCIA DO CONVENIO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado estenderase dende a sinatura deste convenio ata o 15 de decembro de 2020, data coincidente, así mesmo, co remate da vixencia do convenio.

TERCEIRA. RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas por ambas as entidades nun proceso de colaboración continua. A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se



refire a cláusula cuarta deste convenio, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

Por parte da USC, as actividades obxecto do convenio serán dirixidas polo Grupo de Estudos Audiovisuais, da Facultade de Ciencias da Comunicación, que designará o persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará as diferentes actividades, xestionando calquera modificación que xurda no desenvolvemento das actuacións a través dos medios materiais, técnicos e humanos necesarios para a súa consecución.

Por parte da Agadic, as actividades obxecto do convenio serán dirixidas polo departamento responsable das publicacións do organismo.

Son obrigas da Agadic:

- Adquirir, en virtude do contrato que se asinará co autor da obra ao abeiro deste convenio, os dereitos patrimoniais de propiedade intelectual da publicación, nas súas modalidades de reprodución, distribución e comunicación pública, cos límites establecidos no Real decreto lexislativo 1/1996, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.
- Cederlle á USC os dereitos de propiedade intelectual que sexan necesarios para o correcto desenvolvemento das obrigas que asume en virtude deste convenio.
- As tarefas de deseño e maquetación da cuberta e interior da publicación e a entrega á USC dun arquivo .pdf final de traballo apto para impresión, que deberá ser aprobado pola USC, a través do seu Servizo de Publicacións.

Son obrigas da USC:

- As tarefas de tradución e revisión lingüística da publicación, que serán por conta e risco do Grupo de Estudos Audiovisuais da USC.
- A impresión e encadernación de 500 exemplares da publicación, que serán por conta e risco do Servizo de Publicacións da USC.
- A entrega á Agadic de 250 exemplares co código de barras correspondente ao ISBN da Xunta de Galicia como coeditora.

Obrigas para ambas as partes:

- A publicación debe aterse ás normas de edición da Xunta de Galicia para as obras realizadas en coedición, que implica a utilización dos logotipos institucionais de ambas as entidades nas cubertas (primeira, lombo e cuarta de cuberta) e a referencia ás editoras na páxina de créditos., onde figurará o ISBN de cada unha das editoras e o *copyright* compartido. É obriga para as publicacións editadas ou coeditadas pola Xunta de Galicia que estas sexan aprobadas pola Comisión de Publicacións da Xunta de Galicia para a tramitación dos códigos identificativos correspondentes.
- Ambas as entidades porán á venda a publicación a través dos seus medios de comercialización habituais, que no caso da Agadic se realiza a través da Librería Institucional de Galicia, xestionada polo Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia por medio dunha plataforma electrónica onde se centraliza a comercialización e distribución do seu fondo editorial. No caso da USC, a publicación será comercializada polas canles habituais de comercialización do seu Servizo de Publicacións. Esta dobre vía de comercialización, a través da USC e da Xunta



de Galicia, implica que os códigos de barras das contraportadas dos exemplares impresos postos á venda se deben corresponder cos ISBN de cada editor xa referidos.

- Ambas as entidades promocionarán a publicación a través dos seus medios de difusión. Nos actos específicos de promoción da obra deberase facer constar expresamente a participación de ambas entidades como coeditoras.
- A USC conta cos dereitos de autor para proceder á edición da obra.

CUARTA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da USC actuará como responsable desta comisión a vicerreitora de Igualdade, Cultura e Servizos ou persoa que designe en substitución.

QUINTA. FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, a Agadic comprométese a facer fronte aos gastos que impliquen as obrigas asumidas neste convenio relativas aos traballos de deseño e maquetación da publicación e os relativos á cesión de dereitos de autor, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 11.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020.

Pola súa banda, a USC comprométese a facer fronte aos gastos relativos á tradución e revisión lingüística e os derivados da impresión e encadernación da publicación, consonte o especificado na cláusula terceira.

O convenio quedará efectivamente xustificado coa entrega, por parte da USC, da publicación seguindo os termos acordados no clausulado antes do 15 de decembro de 2020, data de remate de vixencia do convenio estipulada na cláusula segunda.

SEXTA. DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e da USC. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as partes comprométese a facer mención expresa deste convenio.

En calquera caso a USC poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización deste traballo en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

SÉTIMA. PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE



O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

OITAVA. TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

NOVENA. MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **15 de decembro de 2020**.

DÉCIMO PRIMEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

Así mesmo, as partes responsabilizaranse de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco deste convenio se faga con absoluto respecto ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de executar o convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.



As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

DÉCIMO SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e, así mesmo, polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, resultará aplicable o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa aplicable e vixente na materia.

Este convenio rexerase en todo caso pola normativa de propiedade intelectual que resulte de aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA. XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan na data que figura na marxe

POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta

Director

(P.D. do Presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/8/2012)

**POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA**

Antonio López Díaz

Reitor

